



Concello de Sarria

BANDO

**DON CLAUDIO GARRIDO MARTÍNEZ,
ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA**

FAI SABER:

Que á vista da situación sanitaria actual e en consonancia coas medidas acordadas no día de hoxe pola Xunta de Galicia, adoptáronse as seguintes medidas preventivas, que entrarán en vigor mañá venres día 13 e perdurarán ata novo aviso:

1º.-Pechar ao público todos os servizos municipais, salvo os básicos e para cuestións de urxencia.

2º.- Peche de todas as instalacións deportivas (Pavillóns municipais e piscinas) e dos centros de maiores (Breogáns, Asociación de Viúvas) e da Biblioteca Municipal, Casa da Cultura e Escola de Música.

3º.- Cesamento de todas as actividades deportivas, culturais e sociais programadas e/ou previstas.

Recomendamos ademais:

1º. - Seguir as instrucións do Ministerio de Sanidade e a Concellería de Sanidade, especialmente no concernente a limpeza e aseo e reunións superiores a 50 persoas.

2º.- Utilizar, se é posible, o teléfono e evitar desprazamentos.

Estamos ante unha situación que entre todos seremos capaces de superar se seguimos as directrices, recomendacións e ordes dos expertos. Sen medo pero con precaución.

(documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 474N6GYAF5SAJPF5XN5QM736D | Corrección: <https://sarría.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1